

fiesta! presentación do entroido de Sada

día
sáb. 25 feb.
lugar
rúas de Sada
hora
de 17:00 h a 20:00 h
organiza
Asociación de Empresarios
de Sada e As Mariñas
colabora
Concello de Vila de Cruces

Por primeira vez, as rúas de Sada darán testemuña dun dos referentes culturais do Entroido galego. Trátase da comitiva dos Xenerais da Ulla, unha das representacións máis tradicional e á vez orixinal.

Traídos grazas á colaboración da Asociación de Empresarios de Sada e As Mariñas, os Xenerais da Ulla, farán un pasacalles polas rúas e pararán en varios puntos ó encontro cos viandantes para recitar as súas famosas regueifas satíricas, os "atranques", que nesta ocasión personalizarán incluíndo escenas da vida social sadense máis recente.

Os "Xenerais e Correos do Ulla" contan coa declaración de "Festa de Interese Turístico de Galicia".



1.600 filloas/hora! XXXII festa da filloa

día
dom. 26 feb.
lugar
carpa detrás do edificio "La Terraza"
hora
de 17:00 h a 22:00 h

Festa gastronómica popular de exaltación deste saboroso prostre de Entroido.

Nesta edición contaremos coa presenza da famosa **FILLOEIRA DE LESTEDO**, unha máquina de elaborar filloas que pode facer 1.600 unidades cada hora, polo que os asistentes gozarán de filloas recién feitas.

A "Filloeira de Lestedo" conta coa declaración de "Festa de Interese Turístico de Galicia".



ELABORARÁNSE MÁIS DE 10.000 FILLOAS

ANIMACIÓN MUSICAL A CARGO DE AGRUPACIÓNS DE FOLCLORE TRADICIONAL

vacacións divertidas! conciliando no entroido

días
lun. 27 feb. e mér. 1 mar.
hora
de 9:00 h a 14:00 h
información/inscrición gratuita
OMIX de Sada, facebook.com/omix.sada e
concellodesada.com/ga/concello/
educacion-xuventude-e-saude

Propoñemos actividades lúdicas de Entroido que permitirán dar unha ocupación interesante e divertida ó tempo libre dos máis pequenos durante as súas vacacións escolares:

OBRADOIRO LÚDICO

Para nenos e nenas nados entre o 2012 e o 2004.
lugar
Colexio Sada e Contornos

SERVIZO DE LUDOTECA

Para nenos e nenas nados en 2013.
lugar
OMIX

obradoiros! cociñando no entroido

día
már. 28 feb.
hora
de 11:00 h a 13:00 h
lugar
carpa detrás do edificio "La Terraza"
información/inscrición gratuita
OMIX de Sada, facebook.com/omix.sada e
concellodesada.com/ga/concello/
educacion-xuventude-e-saude

OBRADOIRO DE REPOSTERÍA SALUDABLE PARA NENOS/AS

OBRADOIRO DE REPOSTERÍA SALUDABLE PARA ADULTOS

Ademais dos obradoiros lúdicos do luns propoñemos unha "saborosa" proposta para conciliar os horarios de pequenos e maiores. Trátase de dous obradoiros de repostería de Entroido diferenciados por idades.

pásao en grande no Entroido! fiesta infantil

pensada para que os nenos e nenas ata 14 anos pasen unha tarde na que eles serán os protagonistas.

día
lun. 27 feb.
lugar
carpa detrás do
edificio "La Terraza"
hora
de 17:00 h a 20:00 h

Haberá zonas diferenciadas con oferta de actividades para os máis pequenos (ata 4 anos) e para os nenos e nenas de 5 a 14 anos.

Inchables, obradoiros, xogos, actividades de animación, maquillaxe e caracterización... toda unha serie de propostas lúdicas para divertirse e vivir o Entroido por todo o alto.

moitos premios! desfile e concurso de disfraces

día
már. 28 feb.
hora
de 18:00 h a 22:00 h
lugar/hora saída
Casa da Cultura Pintor Llorens / 18:00 h
lugar/hora chegada
carpa detrás de "La Terraza" / 20:00 h
información/inscrición gratuita
OMIX de Sada, facebook.com/culturadasada
e concellodesada.com/ga/concello/
cultura-e-praias

As asociacións e colectivos sadenses están convidadas a participar nun desfile de disfraces no que contaremos coa presenza de charangas. Os participantes no desfile serán incluídos nun concurso de disfraces con **premios*** nas categorías: **INDIVIDUAL, GRUPAL e CARROZAS.**

O xurado presenciará o desfile de todos os participantes durante o pasacalles, valorando os mellores disfraces para outorgar os premios desta edición.

Ó remate do desfile, na carpa situada detrás do edificio de La Terraza, organizarase a entrega de premios e continuará a festa a ritmo das actuacións das comparsas invitadas.

*individual

1º PREMIO
Smartphone
Samsung Galaxy A3
2º PREMIO
Portátil Lenovo
convertible en tablet
3º PREMIO
Tablet Lenovo

*grupos

1º PREMIO
Estancia na neve (8 persoas,
3 días en Grandvalira)
2º PREMIO
Fin de semana en casa de
Turismo Rural (8 persoas)
3º PREMIO
Comida/cea nun restaurante
de Sada (8 persoas)

*carrozas

1º PREMIO
1.000€
2º PREMIO
500€
3º PREMIO
300€

adeus sardiña, adeus! enterro da sardiña

día
mér. 1 mar.
hora
de 20:30 h a 22:00 h
lugar
carpa detrás do edificio "La Terraza"



Convidarase ó público en xeral a unirse ó tradicional **ENTERRO DA SARDIÑA**, que partirá da carpa situada detrás do edificio de La Terraza ás 20:30 h. Este evento consiste nun recorrido duns 15 minutos polo Paseo Marítimo, saíndo dende a carpa. Despois de acompañar ó "defunto" polo Paseo Marítimo chegarase a un punto da Praia das Delicias onde se fará a queima que despedirá festivamente o Entroido.

Organizado coa colaboración de diferentes asociacións culturais sadenses, esta tradicional celebración de peche do Entroido congregará a un grande número de viúvas, para dar un último "adeus" á nosa querida "Sardiña" de Entroido. Na súa homenaxe lanzarase un pequeno espectáculo de pirotecnia e a festa rematará con animación musical.



se es entroider, ven e xoga!
entroido on live

sada.edu

día
lun. 27 feb.
lugar
rúas de Sada e carpa detrás do edificio "La Terraza"

hora
de 17:00 h a 22:45 h

bases
facebook.com/omix.sada e
concellodesada.com/ga/concello/
educacion-xuventude-e-saude

XOGO ENTROIDO ON LIVE

Durante este tempo os Entroiders deberán xogar para completar a tarxeta de xogo. Para participar no sorteo da PS4 haberá que presentar a tarxeta na carpa antes das 22:45 h.

día
lun. 27 feb.
lugar
carpa detrás do edificio "La Terraza"
hora
de 22:00 h a 01:00 h

FESTA ENTROIDO ON LIVE

Durante esta festa terá lugar o sorteo dunha PS4.

A festa contará con

ANIMACIÓN Dj

FOTOMATÓN de acceso gratuito para que os participantes posen e garden un simpático recordo deste Entroido.

COCTELERÍA SEN ALCOHOL

**QUERES
GAÑAR UNHA
PS4?**



sada
en-
troi-
do.17

feb. **25**
sáb.

de 17:00 h a 20:00 h

Xeneráis da Ulla

presentación do entroido.17

feb. **26**
dom.

de 17:00 h a 22:00 h

Filloeira de Lestedo

XXXII Festa da Filloa con folclore tradicional sadense

feb. **27**
lun.

CONCILIANDO NO ENTROIDO OBRADOIRO E LUDOTECA
de 9:00h a 14:00h

Festa infantil
de 17:00 h a 20:00 h

Entroido on live
XOGO de 17:00 h a 22:45 h
FESTA de 22:00 h a 01:00 h

feb. **28**
mar.

COCIÑANDO NO ENTROIDO REPOSTERÍA PARA NENOS/AS E ADULTOS
de 11:00 h a 13:00 h

Desfile concurso de disfraces PREMIOS INDIVIDUAIS, GRUPOS E CARROZAS
de 18:00 h a 22:00 h

mar. **01**
mér.

CONCILIANDO NO ENTROIDO OBRADOIRO LÚDICO
de 9:00h a 14:00h

Enterro da sardiña
de 20:30 h a 22:00 h



sada.cul

entroido.17

